

Contas económicas

Serie 1995-2000

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística presenta a estimación da nova serie de Contas Económicas correspondente ó período 1995-2000 na que se ofrece unha descripción sistemática e detallada das principais características estruturais da economía galega. A información proporcionada na serie contable permite realizar un seguimento da evolución da economía galega, a través da análise das taxas de crecemento do PIB e da súa composición.


Nesta publicación preséntanse datos definitivos ata o ano 1999 e unha estimación provisional do ano 2000. Realízase unha revisión á alza da estimación do ano 1999, consecuencia da integración de novas fontes de información estatística, así como a incorporación de datos definitivos nas estimacións que tiñan carácter provisional ou avance.

Os datos definitivos de 1999 así como os provisionais de 2000 revisan os xa publicados na contabilidade trimestral de Galicia.

As contas económicas de Galicia elabóranse seguindo os principios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas SEC 1995, Regulamento do Consello da Unión Europea que establece a obrigatoriedade dos estados membros de segui-los seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, os seus compoñentes e as súas relacións con outras economías.

O PIB medrou en Galicia un 40,6% no período 1995-2000

Durante o período de estudio o PIB (Producto Interior Bruto) acadou importantes taxas de crecemento interanuais, producíndose un incremento no ritmo de crecemento co transcurso dos anos, ata acadar en 1999 un 8,2% e un 7,8% no 2000.



No mesmo período os datos da Contabilidade Nacional de España (INE) reflicten un crecemento do 39,2% e os datos de EUROSTAT un 29,4% nos 15 países da Unión Europea.

TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm

	Galicia	España	UE-15
1996	5,7%	6,0%	5,0%
1997	6,2%	6,4%	5,3%
1998	7,2%	6,8%	4,7%
1999	8,2%	7,1%	5,0%
2000	7,8%	7,8%	6,3%
1995-2000	40,6%	39,2%	29,4%

Fonte: IGE, INE e Eurostat


Destaca o diferencial de crecemento do PIB con España en 1999 (1,1 puntos porcentuais) e coa Unión Europea os anos 1998 e 1999 (2,5 e 3,2 respectivamente).

A converxencia da economía galega ós niveis de España e da Unión Europea reflíctese nos ratios de PIB por habitante. No ano 1995 o PIB por habitante de Galicia era o 77% do español e o 50% do PIB medio dos 15 países da UE e no ano 2000 estes ratios son o 81% e 55% respectivamente.

Habitualmente emprégase como indicador o PIB por habitante en paridades de poder de compra, elaborado por Eurostat e que ten en conta as diferencias de prezos nos distintos países. O ratio entre Galicia e os 15 países da Unión Europea é dun 60% en 1995 e 65% en 2000.

Entre os anos 1995 e 2000 destaca o crecemento das exportacións que case duplican o nivel de 1995 e na demanda interna o crecemento da formación bruta de capital cun crecemento do 58,1%.

O saldo exterior contribúe negativamente ó crecemento do PIB, é dicir, a demanda interna debe satisfacerse en parte cunhas importacións que superan as exportacións.



O PIB é un dos principais agregados económicos que se obteñen nun sistema de contas económicas: representa o resultado final da actividade productiva das unidades de produción residentes e pódese calcular por tres vías:

- O PIB vía demanda é a suma da demanda interna (consumo final e formación bruta de capital) más o saldo exterior de bens e servicios (exportacións menos importacións)
- O PIB vía oferta é a suma do valor engadido bruto (VEB) das ramas de actividade más os impostos netos de subvencións sobre os produtos
- O PIB vía rendas é a suma da remuneración dos asalariados, o excedente bruto de explotación e a renda mixta e os impostos netos sobre a produción e importación

CADRO MACROECONÓMICO

Operacións	1995-2000
Gasto en consumo final	34,4%
Formación bruta de capital	58,1%
Exportación de bens e servicios	92,8%
Importación de bens e servicios	81,0%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	40,6%
Ramas agraria e pesqueira	5,5%
Ramas enerxéticas	10,1%
Ramas industriais	55,8%
Construcción	47,0%
Ramas dos servizos	37,7%
- Servizos de mercado	40,3%
- Servizos de non mercado	29,1%
SIFMI	7,7%
Impostos netos sobre os produtos	56,4%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	40,6%
Remuneración dos asalariados	39,4%
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	38,4%
Impostos netos sobre a produción e as importacións	55,8%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	40,6%

Este déficit comercial vén dado principalmente polo saldo negativo co resto de España que supón tódolos anos máis do 75% do saldo exterior total, chegando ó 100% en 1999.

A apertura da economía galega mídese coa taxa de cobertura (cociente entre as exportacións e importacións) que en 1995 era o 78,2% ata chegar ó 84% en 2000. Cómprase remarcar novamente a importancia dos intercambios comerciais co resto de España, que sen ter en conta os compoñentes da balanza turística, representan o 59,3% do total das exportacións e o 74,4% das importacións.

No ano 2000 a formación bruta de capital ten un peso dentro do PIB dun 30,7%, 3,4 puntos superior ó inicio do período considerado. Pola súa contra o gasto en consumo final perde 3,7 puntos dos que 2,6 corresponden ó consumo privado dos fogares.

Por ramas de actividade destaca o crecemento das ramas industriais e da construcción, e os sectores primario e enerxético son os que presentan uns crecementos máis baixos.

A achega das ramas de actividade ó crecemento do PIB resume dous aspectos: o crecemento de cada rama de actividade e o peso no total do PIB.

Entre os anos 1995 e 2000 o sector primario contribúe ó crecemento do PIB un 0,4%, o sector enerxético un 0,5%, a industria un 7,7% e a construcción un 4,7%. O conxunto dos servicios, cun peso na economía de case un 60% contribúe ó crecemento do PIB un 22,4%, do que un

O PIB é a suma do VEB do conxunto da economía e os impostos sobre os productos netos de subvencións.

Os impostos sobre os produtos son:

- IVE
- Impostos sobre a importación
- Outros impostos sobre os productos (o máis importante é o imposto sobre hidrocarburos)

Ó VEB das distintas ramas de actividade debe restarse o SIFMI (servicios de intermediación financeira medidos indirectamente) que por convenio non se distribue entre os sectores usuarios e trátase o valor total desta produción como un consumo intermedio

18,3% corresponde ós servicios de mercado.

A suma das achegas ó crecemento do VEB das ramas de actividade é de 35,7%, a diferencia ata o 40,6% ven dada por unha achega negativa do SIFMI e unha achega dos impostos sobre os productos netos de subvencións dun 5,3%.

O enfoque das rendas reflicte o reparto do PIB entre as rendas salariais, que medran en Galicia algo máis que o excedente empresarial e rendas mixtas, un 39,4% e 38,4% respectivamente, destacando o importante crecemento na remuneración do factor traballo nos anos 1999 e 2000. Os impostos netos sobre a produción e importación rexistran un crecemento do 55,8% e gañan un punto porcentual na súa participación no PIB.

No ano 2000 o crecemento do PIB de Galicia é do 7,8%

No ano 2000 o PIB de Galicia presenta o mesmo crecemento que no conxunto do estado e catro décimas menos que o ano 1999.

A demanda interna crece un 9,1% polo que a achega do saldo exterior ó crecemento do PIB é de -1,3%, do que a meirande parte é consecuencia do déficit comercial co resto de España.

O sector primario presenta unha taxa de crecemento negativa por segundo ano consecutivo, destacando a rama de agricultura e gandería que decrece un 6,8%.

Tamén presentan un crecemento inferior ó do ano anterior as ramas industriais, aínda que manteñen en conxunto un crecemento superior ó 10%. Destaca a rama de fabricación de vehículos de motor que ralentiza o seu crecemento e pasa de crecer un 16,2% no 1999 a un 9,1% no 2000. Esta rama é a de máis peso e crecemento da industria, máis que duplica o seu VEB con respecto ó ano 1995 e pasa de representar o 1,9% do VEB galego en 1995 ó 3,1% no ano 2000.

A construción vén rexistrando uns crecementos moi importantes desde o ano 1997, sendo o ano 2000 o de maior crecemento, cunha taxa do 15,1%. A evolución deste sector é moi importante tanto pola súa capacidade de xerar emprego como pola súa capacidade de arrastre do resto da economía.

CADRO MACROECONÓMICO

Operacións	2000
Gasto en consumo final	6,9%
Formación bruta de capital	11,9%
Exportación de bens e servicios	26,3%
Importación de bens e servicios	23,7%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	7,8%
Ramas agraria e pesqueira	-4,7%
Ramas enerxéticas	5,2%
Ramas industriais	10,3%
Construcción	15,1%
Ramas dos servicios	7,6%
- Servicios de mercado	8,0%
- Servicios de non mercado	6,5%
SIFMI	8,7%
Impostos netos sobre os produtos	7,2%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	7,8%
Remuneración dos asalariados	9,0%
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	6,8%
Impostos netos sobre a producción e as importacións	7,2%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	7,8%



Os servicios de mercado, que estaban medrando un 8,2% no ano 1999 crecen en 2000 un 8%. A rama que presenta unha maior caída no seu crecemento é a hostalería, que pasa de presentar un crecemento do VEB do 12% no ano Xacobeo a un 2,1%. Con estes crecementos a hostalería perde sete décimas de peso no conxunto dos servicios de mercado.

As outras actividades empresariais (comprende entre outras as actividades xurídicas, servicios técnicos, publicidade, selección e colocación de persoal, seguridade e limpeza) presenta un cremento do 15,1% no último ano, acumulando un crecemento do VEB do 78% en 5 anos e máis de 3.600 novos postos de traballo no ano 2000, cun total de máis de 14.000 en todo o período.


O crecemento do emprego en 2000 é dun 3,2%

O total de postos de traballo estimados no ano 2000 é de 1.057.962, un 3,2% máis que no ano anterior, o que supón o maior crecemento do período 1995-2000 que en total rexistra un 8,8%.

A pesar das altas taxas de crecemento rexistradas no VEB da industria, os sectores responsables do crecemento dos postos de traballo son a construción e o sector servicios.

Pola súa parte o sector primario rexistra unha continua reducción dos postos de traballo na rama da agricultura, que se cifra no período 1995 a 2000 en 50.000 postos de traballo, a pesar dos cales o resultado para o total da economía galega é de máis de 85.000 novos postos de traballo dos que 33.000 corresponden ó último ano.

A metade do total dos postos de traballo concéntranse no sector servicios, destacando ramas como o comercio, hostalería, servicios a empresas e os servicios das administracións públicas.



O EMPREGO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Na metodoloxía SEC dedícase o capítulo 11 ós conceptos de poboación e emprego que, vinculados cos agregados económicos, permiten realizar comparacións entre países ou entre ramas de actividade.

O emprego comprende tódalas persoas, tanto asalariados coma traballadores autónomos, que realizan unha actividade productiva incluída dentro da fronteira de produción do sistema.

As principais fontes de información utilizadas na estimación das variables de emprego son: enquisa de condicións de vida, EPA, afiliados á Seguridade Social, enquisa industrial, rexistro mercantil, directorios de empresas, etc.

Ningunha destas fontes reflicte estritamente a definición de emprego das contas económicas; así a EPA non inclúe os non residentes que traballan en Galicia e pola contra si inclúe os residentes en Galicia que traballan fóra e que son especialmente importantes na construción; a Seguridade Social proporciona información sobre o número de afiliados en alta nunha data fixa pero ningunha referencia ó número de horas e días que efectivamente traballan, noutras fontes nas que temos información sobre o emprego medio anual non temos información das empresas con sede fóra de Galicia.

Estímanse os postos de traballo e os postos de traballo equivalentes a tempo completo, totais e asalariados, para as 65 ramas de actividade.

CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO		
Ramas de actividad	1995-2000	2.000
Confección	5.507	1.424
Fabricación de vehículos de motor	5.733	1.484
Construcción	16.046	8.496
Venda e reparación de vehículos	3.871	986
Comercio por xunto	2.924	1.043
Comercio polo miúdo	19.615	3.247
Hostelería	10.689	2.106
Outras actividades empresariais	14.587	4.372
Administración pública	5.195	1.050
TOTAL	85.860	33.420

Outro aspecto do emprego que se pode analizar nas contas económicas é a crecente asalarización da economía galega, que pasa dunha taxa dun 67,4% de postos de traballo asalariados a un 73,8%.


A productividade aparente do factor traballo, definida como o cociente entre o PIB (prezos constantes) e o total de postos de traballo equivalentes a tempo completo crece entre 1995 e 2000 un 10,8%.

Este crecemento da productividade é superior ó de España (4,1%) e supón pasar dunha productividade que no ano 1995 era o 77,6% da do conxunto do estado a un 82,7% no ano 2000.

Por último, as taxas de crecemento da ganancia salarial (remuneración dos asalariados entre postos de traballo asalariado equivalentes a tempo completo) presenta no ano 2000 un crecemento do 3,7%, a segunda taxa de crecemento maior do período despois do 4,4% obtido en 1996.

A ganancia media en Galicia no ano 2000 é de 20.334 euros, o 84,26% da ganancia media de España.

As diferencias salariais entre Galicia e España son especialmente significativas no sector enerxético (menos do 70% da ganancia do conxunto de España) e moito menores nos servicios de non mercado no que se alcanza o 90%.



As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na publicación do IGE:
Contas económicas de Galicia, Serie 1995-1999 e na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: www.ige.xunta.es
Teléfono de información: 981.54.15.89
FAX: 981.54.13.23

CADRO MACROECONÓMICO

Unidade: miles de euros

Operacións	1995	1996	1997	1998	1999	2000 (P)
Gasto en consumo final	20.234.419	21.405.550	22.493.388	23.777.392	25.449.412	27.201.217
- Gasto en consumo final dos fogares	15.903.207	16.723.955	17.645.299	18.701.911	20.037.814	21.471.133
- Gasto en consumo individual das AAPP e ISFLSF	2.824.597	3.099.106	3.228.990	3.386.465	3.635.049	3.876.947
- Gasto en consumo colectivo	1.506.615	1.582.489	1.619.099	1.689.016	1.776.549	1.853.137
Formación bruta de capital	6.523.649	6.863.977	7.383.211	8.184.629	9.219.686	10.316.118
- Formación bruta de capital fixo	6.414.195	6.740.540	7.245.762	8.007.590	9.023.491	10.092.607
- Variación de existencias	109.454	123.437	137.449	177.039	196.195	223.511
Exportación de bens e servicios	10.232.601	11.136.946	12.562.122	14.069.749	16.300.046	20.589.194
Importación de bens e servicios	13.088.899	14.133.796	15.593.116	17.242.505	19.815.731	24.509.192
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	23.901.770	25.272.677	26.845.605	28.789.265	31.153.413	33.597.337
Ramas agraria e pesqueira	1.647.142	1.756.781	1.843.159	1.852.630	1.822.864	1.737.563
Ramas enerxéticas	1.253.497	1.252.869	1.326.590	1.352.087	1.311.306	1.379.647
Ramas industriais	3.315.015	3.432.301	3.765.004	4.199.684	4.682.117	5.163.498
Construcción	2.379.485	2.425.745	2.620.028	2.785.950	3.038.519	3.496.792
Ramas dos servicios	14.188.739	15.099.584	15.883.513	16.875.636	18.148.235	19.532.166
- Servicios de mercado	10.842.449	11.498.335	12.184.445	13.026.862	14.093.589	15.215.698
- Servicios de non mercado	3.346.290	3.601.249	3.699.068	3.848.774	4.054.646	4.316.468
SIFMI	-1.109.390	-1.051.276	-1.103.469	-1.114.537	-1.099.215	-1.195.065
Impostos netos sobre os produtos	2.227.282	2.356.673	2.510.780	2.837.815	3.249.587	3.482.736
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	23.901.770	25.272.677	26.845.605	28.789.265	31.153.413	33.597.337
Remuneración dos asalariados	10.831.966	11.482.080	12.027.823	12.834.492	13.847.925	15.096.214
- Soldos e salarios	8.473.211	8.982.103	9.423.921	10.110.887	10.894.281	11.893.679
- Cotizacións sociais	2.358.755	2.499.977	2.603.902	2.723.605	2.953.644	3.202.535
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	10.708.867	11.297.202	12.135.607	12.933.862	13.874.051	14.823.623
Impostos netos sobre a producción e as importacións	2.360.937	2.493.395	2.682.175	3.020.911	3.431.437	3.677.500
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	23.901.770	25.272.677	26.845.605	28.789.265	31.153.413	33.597.337

CADRO MACROECONÓMICO

Estructura porcentual

Operacións	1995	1996	1997	1998	1999	2000 (P)
Gasto en consumo final	84,7%	84,7%	83,8%	82,6%	81,7%	81,0%
- Gasto en consumo final dos fogares	66,5%	66,2%	65,7%	65,0%	64,3%	63,9%
- Gasto en consumo individual das AAPP e ISFLSF	11,8%	12,3%	12,0%	11,8%	11,7%	11,5%
- Gasto en consumo colectivo	6,3%	6,3%	6,0%	5,9%	5,7%	5,5%
Formación bruta de capital	27,3%	27,2%	27,5%	28,4%	29,6%	30,7%
- Formación bruta de capital fixo	26,8%	26,7%	27,0%	27,8%	29,0%	30,0%
- Variación de existencias	0,5%	0,5%	0,5%	0,6%	0,6%	0,7%
Exportación de bens e servicios	42,8%	44,1%	46,8%	48,9%	52,3%	61,3%
Importación de bens e servicios	54,8%	55,9%	58,1%	59,9%	63,6%	72,9%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Ramas agraria e pesqueira	6,9%	7,0%	6,9%	6,4%	5,9%	5,2%
Ramas enerxéticas	5,2%	5,0%	4,9%	4,7%	4,2%	4,1%
Ramas industriais	13,9%	13,6%	14,0%	14,6%	15,0%	15,4%
Construcción	10,0%	9,6%	9,8%	9,7%	9,8%	10,4%
Ramas dos servicios	59,4%	59,7%	59,2%	58,6%	58,3%	58,1%
- Servicios de mercado	45,4%	45,5%	45,4%	45,2%	45,2%	45,3%
- Servicios de non mercado	14,0%	14,2%	13,8%	13,4%	13,0%	12,8%
SIFMI	-4,6%	-4,2%	-4,1%	-3,9%	-3,5%	-3,6%
Impostos netos sobre os produtos	9,3%	9,3%	9,4%	9,9%	10,4%	10,4%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Remuneración dos asalariados	45,3%	45,4%	44,8%	44,6%	44,5%	44,9%
- Soldos e salarios	35,5%	35,5%	35,1%	35,1%	35,0%	35,4%
- Cotizacións sociais	9,9%	9,9%	9,7%	9,5%	9,5%	9,5%
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	44,8%	44,7%	45,2%	44,9%	44,5%	44,1%
Impostos netos sobre a produción e as importacións	9,9%	9,9%	10,0%	10,5%	11,0%	10,9%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

CADRO MACROECONÓMICO

Taxas de variación interanuais

Operacións	1996	1997	1998	1999	2000 (P)
Gasto en consumo final	5,8%	5,1%	5,7%	7,0%	6,9%
- Gasto en consumo final dos fogares	5,2%	5,5%	6,0%	7,1%	7,2%
- Gasto en consumo individual das AAPP e ISFLSF	9,7%	4,2%	4,9%	7,3%	6,7%
- Gasto en consumo colectivo	5,0%	2,3%	4,3%	5,2%	4,3%
Formación bruta de capital	5,2%	7,6%	10,9%	12,6%	11,9%
- Formación bruta de capital fixo	5,1%	7,5%	10,5%	12,7%	11,8%
- Variación de existencias	12,8%	11,4%	28,8%	10,8%	13,9%
Exportación de bens e servicios	8,8%	12,8%	12,0%	15,9%	26,3%
Importación de bens e servicios	8,0%	10,3%	10,6%	14,9%	23,7%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	5,7%	6,2%	7,2%	8,2%	7,8%
Ramas agraria e pesqueira	6,7%	4,9%	0,5%	-1,6%	-4,7%
Ramas enerxéticas	-0,1%	5,9%	1,9%	-3,0%	5,2%
Ramas industriais	3,5%	9,7%	11,5%	11,5%	10,3%
Construcción	1,9%	8,0%	6,3%	9,1%	15,1%
Ramas dos servicios	6,4%	5,2%	6,2%	7,5%	7,6%
- Servicios de mercado	6,0%	6,0%	6,9%	8,2%	8,0%
- Servicios de non mercado	7,6%	2,7%	4,0%	5,3%	6,5%
SIFMI	-5,2%	5,0%	1,0%	-1,4%	8,7%
Impostos netos sobre os produtos	5,8%	6,5%	13,0%	14,5%	7,2%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	5,7%	6,2%	7,2%	8,2%	7,8%
Remuneración dos asalariados	6,0%	4,8%	6,7%	7,9%	9,0%
- Soldos e salarios	6,0%	4,9%	7,3%	7,7%	9,2%
- Cotizacións sociais	6,0%	4,2%	4,6%	8,4%	8,4%
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	5,5%	7,4%	6,6%	7,3%	6,8%
Impostos netos sobre a producción e as importacións	5,6%	7,6%	12,6%	13,6%	7,2%
PRODUCTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO	5,7%	6,2%	7,2%	8,2%	7,8%

VALOR ENGADIDO BRUTO POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Unidade: miles de euros

Cód	CNAE	Ramas de actividad	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)
01	01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servicios relacionados	892.343	976.776	984.954	994.612	926.852	863.964
02	02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servicios relacionados	182.479	177.641	200.125	197.608	238.136	232.855
03	05	Pesca, acuicultura e actividades dos servicios relacionados	572.320	602.364	658.080	660.410	657.876	640.744
04	10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	131.057	130.176	116.905	130.175	110.242	111.374
05	11	Extracción de crus de petróleo e gas natural; actividades dos servicios relacionados	0	0	0	0	0	0
06	12	Extracción de minerais de uranio e torio	0	0	0	0	0	0
07	13_14	Extracción de minerais metálicos e non metálicos	178.150	185.078	195.401	198.989	205.904	212.064
08	15A	Industria cárnicia	61.814	72.472	69.186	70.708	74.512	85.319
09	15B	Elaboración e conserva de peixe e productos a base de peixe	198.245	191.104	183.015	211.668	219.931	242.509
10	15C	Industria láctea	77.592	82.231	93.351	74.807	79.591	74.540
11	15D	Fabricación de productos para a alimentación animal	70.243	68.412	55.049	57.985	65.784	70.678
12	15E	Elaboración de bebidas	73.984	82.198	86.051	99.071	104.465	115.621
13	15F	Outras industrias alimentarias	121.931	131.944	144.990	144.366	152.995	156.197
14	16	Industria do tabaco	34.553	20.948	28.789	30.376	17.690	19.543
15	17	Industria téxtil	35.282	41.114	46.214	53.695	62.778	67.544
16	18	Industria da confección e da peletería	183.385	196.528	236.914	310.574	365.413	414.007
17	19	Coiro e calzado	3.380	3.752	4.296	3.446	4.324	6.157
18	20	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	345.124	328.930	367.677	425.664	456.941	428.114
19	21	Industria do papel	116.767	42.934	74.553	44.333	71.963	144.871
20	22	Edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados	94.248	103.872	107.270	116.115	123.064	140.930
21	23	Coquerías, refino de petróleo e tratamiento de combustibles nucleares	62.891	61.945	86.656	70.667	66.585	165.483
22	24	Industria química	145.718	141.817	158.702	172.493	207.801	231.106
23	25	Fabricación de productos de caucho e materias plásticas	103.619	108.114	115.594	122.499	126.992	164.473
24	26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	273.176	305.981	327.256	328.721	339.397	349.324
25	27	Metalurxia	263.097	249.459	277.124	259.743	311.222	407.322
26	28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	219.196	247.045	250.406	275.657	325.702	368.438
27	29	Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico	98.221	106.182	113.788	136.437	153.331	158.565
28	30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	752	422	881	850	971	1.025
29	31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	87.321	105.188	114.939	129.806	142.122	155.975
30	32	Fabricación de material electrónico e de equipo e aparellos de radio, televisión e comunicacóns	19.081	23.797	20.594	39.156	29.881	36.998
31	33	Fabricación de equipo médico e aparellos de precisión, óptica e reloixería	4.487	5.308	8.470	8.438	14.580	14.459
32	34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	403.793	485.683	574.321	744.667	865.095	943.501
33	35	Fabricación doutro material de transporte	215.416	215.136	214.383	231.788	253.712	240.723
34	36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	64.374	71.436	90.710	106.364	111.557	125.019
35	37	Reciclaxe	216	294	481	257	303	540

VALOR ENGADIDO BRUTO POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Unidade: miles de euros

Cód	CNAE	Ramas de actividad	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)
36	40	Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	846.435	835.752	885.567	910.613	883.455	840.017
37	41	Captación, depuración e distribución de auga	34.964	39.918	42.061	41.643	45.120	50.709
38	45	Construcción	2.379.485	2.425.745	2.620.028	2.785.950	3.038.519	3.496.792
39	50	Venda e reparación de vehículos de motor; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	619.389	669.896	708.052	767.502	820.794	856.828
40	51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	662.389	699.069	726.046	753.520	801.781	872.881
41	52	Comercio polo miúdo; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	1.376.785	1.448.195	1.528.953	1.613.993	1.725.469	1.877.851
42	55	Hostelería	1.359.745	1.412.226	1.494.294	1.602.905	1.794.810	1.833.384
43	60	Transporte terrestre	694.227	703.867	740.252	767.341	824.385	860.627
44	61	Transporte marítimo	22.086	21.225	22.364	25.251	28.275	32.311
45	62	Transporte aéreo	21.042	24.715	27.078	29.625	35.106	42.425
46	63	Actividades anexas ó transportes; actividades de axencias de viaxes	258.024	265.636	249.530	287.482	355.984	393.787
47	64	Correos e telecomunicacións	434.157	460.542	507.785	560.666	645.993	712.971
48	65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	899.129	850.847	933.676	1.000.368	1.027.805	1.124.319
49	66	Seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social Obrigatoria	128.485	149.350	131.842	143.967	140.655	146.922
50	67	Actividades auxiliares á intermediación financeira	40.220	46.158	48.392	51.175	54.340	56.624
51	70	Actividades inmobiliarias	2.380.004	2.583.682	2.741.787	2.909.970	3.102.995	3.368.578
52	71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	27.605	30.430	34.370	37.859	43.696	48.549
53	72	Actividades informáticas	24.533	30.837	39.714	48.644	61.199	71.012
54	73	Investigación e desenvolvemento	6.357	6.966	6.096	7.734	8.990	10.089
55	74	Outras actividades empresariais	739.611	858.949	941.737	1.036.917	1.140.311	1.312.557
56	75	Administración pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria	1.232.767	1.290.969	1.312.379	1.368.535	1.431.301	1.512.764
57A	80A	Actividades de educación prestadas polas AAPP	1.030.908	1.114.798	1.131.690	1.189.913	1.252.727	1.330.867
57B	80B	Actividades de educación, agás as prestadas polas AAPP	381.048	402.873	425.778	444.585	462.119	479.498
58A	85A	Actividades sanitarias, veterinarias e de servicios sociais prestadas polas AAPP	743.804	838.567	881.474	894.677	924.357	975.191
58B	85B	Actividades sanitarias, veterinarias e de servicios sociais prestadas polas ISFLSF	37.102	34.572	32.705	36.857	49.419	54.114
58C	85C	Act. sanitarias, veterinarias e de serv. sociais, agás as prestadas polas AAPP e ISFLSF	347.802	365.744	384.471	412.298	437.419	455.639
59	90	Actividades de saneamento público, agás as prestadas polas AAPP	33.092	48.326	49.851	62.260	73.173	99.800
60	91	Actividades asociativas	65.931	72.517	72.244	80.774	91.294	100.771
61	92	Actividades recreativas, culturais e deportivas, agás as prestadas polas AAPP	369.824	393.907	420.702	435.691	481.203	526.887
62	93	Actividades diversas de servicios persoais	73.054	85.611	91.982	100.729	116.165	127.594
63	95	Fogares que empregan persoal doméstico	179.619	189.110	198.269	204.398	216.470	247.326
		SIFMI	-1.109.390	-1.051.276	-1.103.469	-1.114.537	-1.099.215	-1.195.065
		Total	21.674.488	22.916.004	24.334.825	25.951.450	27.903.826	30.114.601

EMPREGO TOTAL POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Postos de traballo

Cód	CNAE	Ramas de actividad	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)
01	01	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servicios relacionados	184.449	171.962	162.185	151.645	142.465	134.503
02	02	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servicios relacionados	3.819	4.790	4.157	5.395	6.678	6.672
03	05	Pesca, acuicultura e actividades dos servicios relacionados	36.430	35.406	34.344	34.943	35.273	37.436
04	10	Extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	1.698	1.609	1.567	1.156	1.021	946
05	11	Extracción de crus de petróleo e gas natural; actividades dos servicios relacionados	0	0	0	0	0	0
06	12	Extracción de minerais de uranio e torio	0	0	0	0	0	0
07	13_14	Extracción de minerais metálicos e non metálicos	5.544	5.750	5.811	5.843	5.989	6.243
08	15A	Industria cárnica	2.788	3.017	2.851	3.054	3.144	3.214
09	15B	Elaboración e conserva de peixe e productos a base de peixe	8.155	8.109	8.057	8.254	8.353	9.022
10	15C	Industria láctea	1.917	1.763	1.866	1.670	1.707	1.742
11	15D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	1.657	1.697	1.509	1.618	1.505	1.546
12	15E	Elaboración de bebidas	1.768	1.967	2.109	1.992	2.079	2.160
13	15F	Outras industrias alimentarias	8.964	8.865	9.293	10.241	10.523	10.781
14	16	Industria do tabaco	609	467	467	432	302	290
15	17	Industria têxtil	2.460	2.227	2.583	2.834	3.036	3.005
16	18	Industria da confección e da peletería	16.404	16.762	17.790	20.017	20.487	21.911
17	19	Coiro e calzado	351	410	380	387	379	425
18	20	Industria da madeira e da cortiza, agás móveis; cestería e espartería	13.619	12.793	14.174	16.120	16.835	17.307
19	21	Industria do papel	1.015	1.060	1.051	1.080	1.085	1.088
20	22	Edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados	3.626	3.720	3.958	4.043	4.051	4.426
21	23	Coquerías, refino de petróleo e tratamiento de combustíveis nucleares	568	551	544	544	586	568
22	24	Industria química	2.858	3.041	3.250	3.165	3.070	3.639
23	25	Fabricación de productos de caucho e materias plásticas	3.146	3.424	3.684	3.789	4.041	4.535
24	26	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	12.259	12.802	13.605	13.108	13.568	14.197
25	27	Metalurxia	3.740	3.665	3.776	3.963	3.576	3.655
26	28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	12.943	12.764	12.653	13.365	14.406	15.242
27	29	Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico	4.409	4.789	4.924	5.242	5.642	6.010
28	30	Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	72	61	67	73	64	66
29	31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	2.743	2.867	3.047	3.251	3.867	4.079
30	32	Fabricación de material electrónico e de equipo e aparellos de radio, televisión e comunicacóns	626	626	649	688	734	593
31	33	Fabricación de equipo médico e aparellos de precisión, óptica e reloixería	286	362	468	412	478	487
32	34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	11.093	11.852	12.794	15.338	15.342	16.826
33	35	Fabricación doutro material de transporte	10.198	10.334	10.273	10.376	10.152	9.650
34	36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	5.325	5.158	5.838	6.462	6.599	6.650
35	37	Reciclaxe	7	7	8	7	7	10

EMPREGO TOTAL POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Postos de traballo

Cód.	CNAE	Ramas de actividad	1995	1996	1997	1998	1999	2000(P)
36	40	Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	4.531	4.453	4.400	4.291	4.153	4.503
37	41	Captación, depuración e distribución de auga	880	999	1.067	1.038	998	1.125
38	45	Construcción	102.108	99.269	101.750	104.154	109.658	118.154
39	50	Venda e reparación de vehículos de motor; venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor	21.036	21.195	21.993	22.752	23.921	24.907
40	51	Comercio por xunte e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	30.157	30.699	30.852	30.848	32.038	33.081
41	52	Comercio polo miúdo; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos	72.112	73.535	76.837	81.286	88.480	91.727
42	55	Hostalería	41.047	42.260	43.930	45.992	49.630	51.736
43	60	Transporte terrestre	27.179	27.356	27.938	28.890	29.582	30.359
44	61	Transporte marítimo	589	583	520	612	662	642
45	62	Transporte aéreo	293	333	353	333	375	429
46	63	Actividades anexas ó transportes; actividades de axencias de viaxes	6.407	6.574	6.239	6.181	6.514	7.406
47	64	Correos e telecomunicacións	8.818	8.474	9.217	9.816	9.434	9.030
48	65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	13.483	13.370	13.179	13.037	13.384	13.621
49	66	Seguros e plans de pensións, agás Seguridade Social Obrigatoria	2.303	2.334	2.366	2.412	2.460	2.499
50	67	Actividades auxiliares á intermediación financeira	1.504	1.620	1.801	2.091	2.163	2.402
51	70	Actividades inmobiliarias	4.055	3.951	4.492	4.787	4.897	5.067
52	71	Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	1.197	1.346	1.467	1.601	1.680	1.890
53	72	Actividades informáticas	1.363	1.512	1.664	1.814	1.945	2.486
54	73	Investigación e desenvolvemento	507	550	601	656	649	799
55	74	Outras actividades empresariais	34.995	37.428	41.211	41.756	45.210	49.582
56	75	Administración pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria	69.878	70.705	70.831	72.019	74.023	75.073
57A	80A	Actividades de educación prestadas polas AAPP	33.323	33.142	33.549	34.290	35.287	36.306
57B	80B	Actividades de educación, agás as prestadas polas AAPP	15.173	15.729	15.685	15.599	14.236	14.272
58A	85A	Actividades sanitarias, veterinarias e de servicios sociais prestadas polas AAPP	24.249	25.901	26.994	27.269	27.788	27.843
58B	85B	Actividades sanitarias, veterinarias e de servicios sociais prestadas polas ISFLSF	3.402	3.035	2.764	3.042	4.044	4.366
58C	85C	Act. sanitarias, veterinarias e de serv. sociais, agás as prestadas polas AAPP e ISFLSF	13.139	13.824	13.316	13.642	14.648	15.100
59	90	Actividades de saneamento público, agás as prestadas polas AAPP	2.122	2.163	2.055	2.270	2.344	2.603
60	91	Actividades asociativas	3.561	3.704	3.921	4.363	4.874	5.284
61	92	Actividades recreativas, culturais e deportivas, agás as prestadas polas AAPP	12.460	13.464	13.505	13.968	15.176	15.340
62	93	Actividades diversas de servicios persoais	11.659	12.917	13.467	13.578	14.037	15.771
63	95	Fogares que empregan persoal doméstico	43.026	42.420	42.364	42.659	43.208	45.635
Total			972.102	969.522	980.060	997.553	1.024.542	1.057.962